

Á ATENCIÓN DAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO DE SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

De acordo co establecido na Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código de procedemento ED550A e ED550B) e a Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15), modificada pola Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG do 1 de febreiro), comunícolles o seguinte:

1. O CEIP de Caión está adscrito ao IES Agra de Leborís (A Laracha).
2. O noso alumnado ten prioridade para matricularse neste Instituto. Deben consultar as listaxes de admitidos que se publicarán no IES AGRA de Leobrís con data límite do 28 de febreiro.
3. As familias que desexen matricular aos seus fillos/as no IES Agra de Leborís deberán entregar á súa titora, **entre o 11 de xaneiro e o 8 de febreiro**, o modelo de solicitude debidamente cuberto que se xunta a este escrito (formulario normalizado ED550A, publicado no anexo I da orde do 25 de xaneiro de 2017, que modifica a Orde do 12 de marzo de 2013). Tamén pode facerse a reserva parcial no enderezo <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>, ou de xeito electrónico e completo en <https://sede.xunta.gal/portada>.
4. O alumnado de sexto curso deste Centro que, de acordo co dito anteriormente, non faga no prazo establecido a reserva de praza para o citado instituto, ou resulte NON admitido, deberá participar no proceso xeral de admisión como se fose alumnado novo, debendo presentar cumprimentado no IES da súa preferencia, do 1 ao 20 de marzo, o documento que se publica como anexo II da citada Orde do 12 de marzo, modelo de impreso que se pode retirar na conserxería deste Centro ou descargar na páxina web do mesmo. (a partir de marzo)
5. A reserva no IES Agra de Leborís adquirirá carácter vinculante e será incompatible coa presentación dunha solicitude de admisión noutro centro, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
6. O alumnado ADMITIDO deberá formalizar a matrícula no IES entre o 25 de xuño e o 10 de xullo.

Caión, 11 de xaneiro de 2021

O DIRECTOR

José Roca Moro